

ATENEA

Nº 3 - ABRIL 2000

Afganistan

Exposición debuxos E. Granell

Sociedade Galega de Historia Natural

A "Cociña Económica"

O "Toxos"

Proxecto Home


Invitados: Federico Lippi, Saphiry Hakami

R. Segura Torrella "Cum Laude"

Firmas: Isaac Díaz Pardo, José Hierro, "Carrabouxo"

Laura Tato, Estibaliz Espinosa, M. Sisto Deibe, Bea Picos

Revista trimestral. 400 pts.



Ferrol

unha boa alternativa



Arte, ocio e deporte, manifestacións relixiosas, música, folclore e festas populares... O encanto das suas rúas, a arquitectura da Ilustración, a beleza das suas paixases naturais e a variada oferta cultural e de ocio, fan de Ferrol, nesta primaveira, algo mais que unha boa e interesante alternativa.

PROGRAMACION PRIMAVEIRA 2000

RODAXE DA LONGAMETRAXE "DIVERTIMENTO"

Con Paco Rabal e Federico Lupi — Teatro Municipal Jofre. Ata ó 23 de abril.

EXPOSICIONS DE ARTE.

Centro Torrente Ballester
- **Virxilio Vieitez. 1955 - 1965.** Ata ó 14 de maio
- **Carmen Chacón. Painful Fact.** Ata ó 3 de maio
- **Roberto González. 5x5.** Ata ó 3 de maio.
- **O Debuxo no século XX.** Do 5 de maio ó 4 de xunio

SEMANA SANTA FERROLAN

Xoves Santo, 20 de abril.
- 20,00 h. **Procesión da Nosa Señora das Angustias**
- 23,00 h. **Procesión do Cristo da Misericordia e Virxe da Piedade**

Venres Santo, 21 de abril
- 18,30 h. **Procesión do Santo Enterro**
- 21,00 h. **Procesión da Soledad**
- 22,00 h. **Viacrucis. Nosa Señora das Angustias**
- 23,00 h. **Procesión dos Caladiños**

EQUIOCIO'2000.

Do 19 ó 23 de abril
Recinto Feiral Punta Arnela - FIMO
- **IX Concurso Hípico Nacional "Cidade de Ferrol"**
- **III Salón do Cabalo.**

ROMARIA POPULAR VIRXE DE CHAMORRO.

Luns de Pascua, 24 de abril

ACTIVIDADES MUSICAIS

Mércores, 26 de abril. Centro Torrente Ballester	20, 30 h . **Ofrenda Musical: Coro "Kontakion" de Bucarest**
Venres, 5 de maio. Auditorio FIMO	**Festival Pop-Rock "Galicia Cidade Unica"**. Artista invitado "Vargas Blues Band"
Primeira semán de maio. Centro Torrente Ballester	**Recital de Piano "Steinway & Sons"**
5, 6 e 7 de maio. Centro torrente Ballester	**XV Curso de Música "Cidade de Ferrol "**
Domingo, 16 de abril. Concatedral de San Xulián	20,30 h. **II Ciclo de Polifonía Sacra. Grupo Vocal: "Sólo Voces"**
Domingo, 23 de abril. Igrexa de San Francisco	20,30 h. **II Ciclo de Polifonía Sacra. Coro: "Albae Sonus"**
Sábado, 6 de maio. Igrexa da Nosa Señora do Carme	21,00 h. **II Ciclo de Polifonía Sacra. "Coral de Letras da Universidade de Oporto"**
Maio. Mes das Letras Galegas	**Recital de Música. Rogelio Groba: Lembranza a un Compositor Galego**

XOVES TEATRAIS

Xoves, 27 de abril Centro Torrente Ballester	**Ollomol Tranvía: "Ñiqui Ñaque"**. Director: Cándido Pazó
Xoves, 4 de maio Centro Torrente Ballester	**Rayuela Produccións Tetrales: "Max"**. Autor: Juan Benet
Xoves, 11 de maio Centro Torrente Ballester	**Factoría Teatro: "As Presidentas"**. Autor: Werner Schawb
Xoves, 18 de maio Centro Torrente Ballester	**Espello Cóncavo: "Castelao sempre en Galiza"**. Director: Arturo López
Martes, 23 e mércores 24 de maio. Auditorio de FIMO	**Centro Dramático Galego: "A Burla do Galo"** . Autor: Roberto Vidal Bolaño

PRESENTACION DE LIBROS

Maio. Mes das Letras Galegas
- **"Benito Vicetto"** de Juan Renales Cortés
- **"Alonso López ou a Razón da Liberdade"** de Rosa de Cal y Cortina
- **"Francisco Suárez García. Actividade dun Republicano Federal no Concello de Ferrol e nas Cortes"** de Esperanza Piñeiro de San Miguel



Concello de Ferrol
CULTURA



ATENEA

Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN
nº 3 - abril 2000

EQUIPO TÉCNICO E REDACCIÓN
Luis Calvo Teijo
Fernando Ocampo Montesinos
María del Mar Villares Díaz

MAQUETACIÓN
José A. Villar Corral

ILUSTRACIÓNS das CABECEIRAS
Leandro

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA
Margarita Souto Fraga

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN



Rúa Madalena, 202, 1º - FERROL
Teléfonos: 981-357970/354098
FAX: 981-354098
E-Mail: a_ferrol@teleline.es
Depósito Legal:
ISSN: 1575-9679

COLABORACIÓNS

Alberto Urcaray
Beatriz Picos
Eliseo Zaera Ríos
Estibaliz Espinosa
Eva Veiga
José Hierro
Isaac Díaz Pardo
José Antonio Hernán Seijas
Laura Tato
Marcelino Sisto Deibe
Marta Rivera Ferner
Pepa Beltrán
Ramón Gómez Cresto
Real Coro "Toxos e Froles"
Sabela Arias
Sociedade Galega de Historia Natural
Xosé Anxo García López
Xosé Lois "Carrabouxo"

foto portada: Stephen Dupon para Médicos do Mundo



Seguimos na nosa teima, ó rebufo dos nosos estatutos, cando falan daquelo da "pluraridade" . Isto nós entendémolo dunha única maneira, e así tratamos de aplicalo, en tódolos ámbitos de actuación da nosa entidade.

Entendémolo cando acudimos á convocatoria por parte do Concello, para sumar efectivos e acada-lo obxectivo, marcado pola Corporación, en canto á posta en funcionamento do antigo edificio do goberno militar como centro de servicios culturais, e así participar na subasta do edificio.

Así o entendémos cando tentamos facer algo semellante arredor da posta en marcha, dunha vez por todas, das famosas obras de rehabilitación do Teatro Jofre. Logo de varias reunións entre entidades e expoñerlle ó Alcalde os nosos obxectivos, de presionar e reforzar as xestións da Corporación, este explicounos que, nese intre todo estaba pendente dunhas reunións e firmas de acordos en próximos días. Entendémolo e aceptámolo. Cuestión de comunicación e claridade. Non pasa nada. Confiamos e estamos á espera e desexosos, por todos, de que as xestións da nosa corporación teñan éxito, o máis axiña. Ánimo e adiante.

Continuando na mesma liña, da pluralidade, estamos a facer realidade parte daquelo que falabamos todos cando hai anos reclamabamos para Ferrol o Campus Univesitario, tódalas entidades xuntas cun único obxectivo. Estamos a falar desa colaboración, hoxe realidade,entre o Ateneo Ferrolán e o Campus, por medio da súa área de Actividades Culturais, dirixida polo profesor Xosé Leira, e que van ter un punto álxido en próximos meses con tres exposicións arredor das Matemáticas, neste ano de celebración mundial desta materia científica, tan ligada ó pensamento e ideoloxía dun Ateneo científico e literario.

No capítulo de actividades do Ateneo, unha parte importante dos nosos actos están marcados pola solidariedade, a tódolos niveis, tanto con ONG'S Médicos do Mundo, Cáritas, Proxecto Home, Cociña Económica..., como calquera tipo de entidades semellantes á nosa, que carecen da facilidade dunhas infraestructuras como as nosas e poden dispoñer da súa utilización para os seus actos, ben por si mesmos ou en colaboración co Ateneo e mesmo nesta propia revista, aberta a todas elas.


Así, estamos a preparar para este curso un calendario de actividades, o máis inmediato no tempo será o da colaboración co Real Coro "Toxos e Froles", na celebración do seu 85° aniversario, no mes de maio. A continuación virá a celebración conxunta do Día Mundial de Medio Ambiente entre o Ateneo Ferrolán, Club de Montaña, SGHN, Club do Mar e outros co Concello de Ferrol.

No mes de agosto estamos a traballar coa Concellería de Cultura na proposta cara ó 2º Centenario da Batalla de Brión, proposta feita no seu día polo Club de Montaña e mailo Ateneo e que, pouquiño a pouco, está a converxer nunha organización, coa suma de persoas e entidades que están a aportar cousas moi interesantes cun obxectivo común, como é o da celebración unitaria, e única, digna e acorde co feito histórico que estamos a tratar e a posibilidade de incluír a Ferrol no circuíto europeo de batallas históricas. Turismo cultural do futuro. Coidamos que paga a pena tentalo.

Non queremos alongarnos máis, seguiremos nesa teima da pluralidade, con todo o seu significado de suma de intereses comúns, ainda que ás veces discrepemos nas propostas.

Coidamos que estamos no camiño.

Ateneo Ferrolán



SUMARIO



Páx.

EDITORIAL 1

SUMARIO 2

SERVICIOS 3
Novidades 4

ARTIGO
O teatro de Ricardo Carvalho Calero,
por Laura Tato 5

XENTES
Ricardo: un dez "cum laude" por Eliseo Zaera Ríos 7

CONTOS E OUTRAS HISTORIAS

SOLIDARIEDADE
Proxecto Home Galicia: "10 anos loitando pola vida, 8-9

A IMAXE .... Urcaray 10

SOLIDARIEDADE
a Cociña Economica 11

OUTRAS ENTIDADES
a Sociedade Galega de Historia Natural 12
o Real Coro "Toxos e Froles" por Pedro Sanz 13

FALAMOS DE... 14-15

ARTIGO
A dememorización da historia por Isaac Díaz Pardo 17

PROGRAMACIÓN 18-21
Exposicións 22
Xoves Teatrais 23

AFGANISTÁN 26-27

A IMAXE 28

Guía para as perplexas de Pepa Beltrán 29

CONTOS E OUTRAS HISTORIAS
"A Bandouga", por Marcelino Sisto Deibe 30-31

O PARNASO
José Hierro. Eva Veiga. Estíbaliz Espinosa Río 32-33

ARTIGO
"Bendición episcopal", de Rafael Dieste,
por Xosé Anxo García López 34

CONTOS E OUTRAS HISTORIAS
"Diálogo sen cór", por Marta Rivera Ferner 35

MATA-RATOS por Sabela Arias 36

FOTO CONTRAPORTADA por Carlos Carballeira



SERVICIOS DO ATENEO



BIBLIOTECA - HEMEROTECA

Neste nº 3 da revista **"ATENEA"**, queremos dar máis información arredor dun dos fondos da nosa Biblioteca.

Quizais un dos máis descoñecidos polos socios, ou de todos aqueles que se achegan a esta biblioteca, sexa o FONDO ANTIGO e, a través desta páxina, tentaremos que se coñeza un pouco máis.

Cando falamos de fondo antigo estamos a falar dunha variopinta colección de libros que só teñen un punto en común, sen outra característica de unión é, precisamente, a súa antigüidade.

Trátase dun fondo que abrangue todo tipo de temas: relixión, historia, economía, ensaio e literatura.

Destaca tamén a súa variedade na procedencia (referida esta ó seu lugar de impresión), pois hai libros ingleses, de Francia e tamén españois; desde logo, non faltan os impresos en Ferrol.

Salientaremos tamén, nesta páxina, os máis antigos do fondo, os que fagan referencia a Ferrol e aqueles que poidan resultar máis chamativos. O libro máis antigo que se atopa neste fondo está en francés, o seu título é "Lettres et épitres amoureuses D'Héloïse a Abeilard", editado en París en 1781.

Dos españois, o de máis antigüidade é a obra poética de Ignacio Merás Queipo de Llano, editado en Madrid en 1797.


Hai que sinalar que a meirande parte do fondo é do século XIX, aínda que hai obras do século XVIII e tamén do século XX.

Gustaríanos poñer de manifesto que o fondo contén interesantes exemplares como un tratado de economía de 1821. De Emilio Castelar temos a súa obra en 8 tomos "Mujeres célebres", editada en Madrid en 1866. Do Conde de Toreno "Historia del levantamiento, guerra y revolución en España", obra en 3 tomos editada en París en 1838.

As obras referidas a Ferrol, ou editadas aquí, xa pertencen a este século, excepción feita da "Historia...", de Montero Aróstegui, que é de 1858; podemos salientar:

- "Haz bien: ensayo dramático en un acto e en prosa", de Emilio Pita do Rego, 1905.
- "De mi viejo solar: rimas sentimentales", de M. Barbeito y Herrera, 1911.
- "La Fundación Amboage y sus irregularidades... opinión del actual Marqués", Valladolid, 1915.
- "Escritura de prórroga de la cesión de las zonas industriales de los Arsenales y Astilleros de Ferrol y Cartagena... otorgada por el Ministerio de Marina", Madrid, 1916.
- "Pilara ou grandezas dos humildes", de Manuel Comellas Coimbra, 1920.
- Proa al mar y a la tierra: libro de ejemplos y enseñanzas para obreros y emigrantes", de Agustin Bugallo, 1931.
- Polémica sobre espiritismo... discusiones en el Ateneo", 1931.
- "Reglamento para la reorganización y servicio de la guardia municipal", 1939.

Por último destacar que, en datas recentes, temos adquirido a obra de Don Benito Vicetto, "Historia de Galicia". Esta obra foi editada en Ferrol pola imprenta de Nicasio Taxonera, entre 1865 e 1873. Dende agora a biblioteca do Ateneo conta cos 7 tomos desta obra en facsímile que Alvarellos editou en 1979.



Máis Servicios:


- SECRETARÍA
- CAFETERÍA
- SALÓN DE ACTOS
- SALA DE EXPOSICIÓNS
- SALA DE SOCIOS
- SALA DE XUNTANZAS



ARTIGO

NOVIDADES EDITORIAIS DE TEMÁTICA OU AUTORÍA FERROLÁN INCORPORADAS Á NOSA BIBLIOTECA

"OS SUCESOS DE OCTUBRO DE 1934 EN FERROL"
Autores: Javier Blanco, Victor López, Angel Mato.
Edita: Asoc. Cultural Quintanilla Martínez.




14,5x21 cm. (134 páx.)

"MEMORIA DO COMERCIO FERROLAN"
Autores: Anxo Franco e Guillermo Escrigas.
Edita: ACOF.



21x22,5 cm. (136 páx.)

"ENTRE 1770 Y 1814 SE ESTABLECEN 14 FABRICAS DE CURTIDOS EN LA COMARCA FERROLANA"
Autor: Antonio Meijide Pardo.
Edita: Concello de Betanzos Anuario Brigantino.



16,5x23,5 cm. (184 páx.)

"EL EMPRESARISMO INDUSTRIAL DEL NEGOCIANTE FRANCES J. LESTACHE EN EL FERROL DEL SIGLO XVIII.
Autor: Antonio Meijide Pardo.
Edita: Concello de Betanzos Anuario Brigantino.



17x24 cm. (52 páx.)

"HISTORIA DO TEATRO GALEGO. Das orixes a 1936"
Autora: Laura Tato Fontaiña.
Editorial: A Nosa Terra.




16,5x24 cm. (168 páx.)

"A ANTIGA IGREXA DE SAN XULIÁN DE FERROL"
Autora: Rosa Méndez Fonte.
Edita: Centro Artabro de Estudios Concello de Ferrol.



15,5x22 cm. (352 páx.)

"LA INSURRECCION DE FERROL DE 1872"
Autor: Alberto Gomis Rodríguez.
Edita: Diputación Provincial de Coruña.




14x21,5 cm. (280 páx.)

"JOSE FONTENLA LEAL. Como bon ferrolá e galego, home de ben."
Autor: Xosé Mª Dobarro Paz.
Edita: Concello de Ferrol.



15x21 cm. (68 páx.)



ARTIGO

Por Laura Tato

O TEATRO DE RICARDO CARVALHO CALERO

Como todos os homes da súa xeración literaria -a denominada por el mesmo, Xeración do Seminario de Estudos Galegos-, Carvalho Calero contribuíu como creador á consolidación dunha literatura nacional.

Durante a II República, e dentro do programa do Partido Galeguista desde 1934, existiu a vontade de renovar e modernizar o teatro; nestas coordenadas comezou o seu labor de dramaturgo o noso escritor, aínda que a sua producción non comezou a ver a luz ata a década dos anos 60.

"O fillo.Acción dramática en dous actos" foi redixida en 1935 e ía ser publicada na revista Nós cando estalou a guerra; e tamén a guerra interrompeu a redacción da comedia en tres actos "Isabel", de aí que ambas presenten unha serie de trazos comúns que as achegan ao teatro de pre-guerra e as contrapoñen ás obras posteriores do autor. Tanto " Isabel " como "O fillo" transcorren nun pazo, con protagonistas da fidalguía e o mundo rural como pano de fondo. "O fillo" foi cualificada polo propio Carvalho como "peza psicolóxica" e "drama de mulleres" pois nela pretendía deseñar dous carácteres femininos: o dunha fidalga na que priman os prexuízos sociais e relixiosos sobre os sentimentos e o dunha muller normal sen preconceptos a este respecto. En "Isabel" a intención do autor, influído polo teatro de Pirandello, era plasmar o conflicto da identidade. Mais son obras de principiante e os logros alcanzados non están á altura das intencións; quizais por iso non as incluíu no volume que publicou en 1971 co título "4 Pezas". De todos os xeitos, como historiador da literatura, Carvalho era consciente de que para entendermos tanto a evolución do teatro como a súa historia, era preciso coñecermos todo, polo que viron a luz en 1982, no volume "Teatro Completo", deixando constancia dos anos en que foran redactadas. Asúa lucidez de crítico non lle permitía



lignorar as deficiencias destas pezas e, tal vez por iso, dedicou á súa explicación e xustificación moito máis tempo do que ao resto da súa producción, na conferencia que impartiu sobre o súa obra dramática en 1985, e que foi publicada co título "Sobre o seu teatro".

En 1963 viu a luz "A farsa das zocas", que fora redixida en 1948 e na que segue a liña do teatro de Castelao e Otero, é dicir, aplicar as técnicas da farsa a un tema e uns personaxes tirados da vida rural e da tradición, combinando escenas realistas con outras expresionistas e utilizando técnicas do teatro primitivo (autopresentación dos personaxes,nterpelacións ao público...). Escrita para ser representada polos seus alumnos, e baseada nun conto popular, ten fundamentalmente un carácter lúdico, aínda que o autor declara que tamén pode admitir unha lecturasocial. O mesmo carácter lúdico de teatro infantil ten "O redondel", adaptación dun drama chinés de Li Hsing-Tao, realizado en 1951.


No resto da súa obra, con técnicas realistas ou simbolistas, Carvalho enfrontará as cuestións máis transcendentes que afectan ao ser humano: o amor, o alén, a arte e a política. En "A árbore, auto en tres escenas e un epílogoprólogo", publicada no 65, mais redixida no 48, retoma o mito bíblico da perda do paraíso para mostrar a imposibilidade de entendemento entre home e muller; o amor, que en teoría debería proporcionar a felicidade, é a fonte primeira da desdita do home, pois fracasa por mor da muller que, superficial e sofisticada, non alcanza a comprender a profundidade dos sentimentos masculinos. A mesma visión negativa da muller e do amor fica plasmada na comedia en tres lances "A sombra de Orfeo", escrita tamén no 48 e que non viu a luz ata 1971. O protagonista, Rafael, é un esbozo de Scorpio: o primordial na súa vida é a dedicación exclusiva á arte, polo que rexeita e evita o amor que o afastaría dese obxectivo; a súa loita contra Eros transforma nunha baixada ao inferno o seu achegamentos ás mulleres.

En "O auto do prisioneiro", escrito en 1969 e publicada ao ano seguinte, o autor envorca toda a angustia existencial do ser humano, a súa "sede de alén". O propio autor admite dúas interpretacións para esta simbólica peza: unha existencial e outra social. Na primeira, as arelas do Prisioneiro por coñecer o Director só se cumpren despois da Morte e o resultado é a escuridade, o baldeiro; na segunda, constataríamos que unicamente goza de liberdade aquel que non cuestiona o sistema, que o asume como algo inevitable. Nesta liña, o mundo desta peza enlaza con Kafka e Beckett. De novo Carvalho encarna nas personaxes femininas os aspectos máis negativos de frivolidade e de submisión ao sistema.

O mellor da súa producción dramática é a derradeira obra, o drama en tres actos "Os xefes", escrita en 1980 e publicada en 1982, xunto con todas as demais, nun volume titulado "Teatro completo". A respecto dos dous primeiros actos, que se desenvolven nos campamentos de dous exércitos que van librar a súa derradeira batalla, Carvalho recoñeceu que se inspirou nos exércitos republicano e fascista da contenda do 36; mais na solución do terceiro acto actualiza o conflicto realizando unha crítica demoledora da política conciliadora da denominada Transición. A profunda admiración que o ilustre profesor sentía por "Os vellos non deben de namorarse", de Castelao, levouno a reproducir a súa estructura. Os dous primeiros actos son totalmente paralelos en personaxes e situacións. Os Xenerais Brañas e Dragón son dous actantes da mesma personaxe, o Xeneral en abstracto, como don Saturio, don Ramón e Fuco do Vello. Os Xenerais tamén contan cunha serie de personaxes "adxuntos": os militares e ministros que os rodean, e mais o coro de xornalistas que comentan as súas decisións. As situacións nun e noutro campo son as mesmas: reunión de oficiais, rolda de prensa, reflexións do Xeneral correspondente; e, tamén como nos Vellos..., varía a súa orde dun lance a outro. Por último, igual que Castelao, Carvalho redactou en primeiro lugar o terceiro acto, polo que os dous primeiros foron escritos en función del. O final da obra é problemático e ambiguo porque os Xenerais chegan ao acordo de que sexa cal for o resultado da batalla final, o gañador eliminará os sectores extremos das dúas ideoloxías e gobernará seguindo unha política de centro. En palabras do propio Carballo:

> "Póde-se pensar: dous homes de honor con verdadeiro sentido patriótico. Ou tamén: dous xefes que pactan un engano ás masas que os apoian".

Ferrol, Marzo do 2000.




RIAS ALTAS
98.5 FM

Ministerio de Industria
y Energía

Miner

FERROL METRÓPOLI



XENTES

Por Eliseo Zaera Ríos


RICARDO: UN DEZ "CUM LAUDE"

Cantos recordos esquecidos rexorden agora

daqueles "encontros" no Café Suizo,

da rúa Real, alá a principios dos 60..

¡Que vello vou!



As ausencias, os abandonos definitivos, os pasamentos, tan rutinarios, tan obrigados, tan inevitables eles, tan de lei, tan seguros e certos... ó concretarse nunha persoa, nun familiar, nun amigo, resultan sorprendentes, inesperados. Algo no noso ser, no noso interior se rebela, rexeita o incuestionable, pero queirámolo ou non imponse o tempo, a dura e fría realidade, o feito insalvable, a vida e a morte en definitiva..., e tentamos aferrarnos á vida, á nosa e á dos nosos... quizais un leve pensamento: "algún día nos tocará..." que axiña cambiamos, pois estremece...".

Ricardo finou non cando quixo, pero un pouco si como el quixo, facendo o que quería e o que lle gustaba. Escoitei un comentario:o día anterior... xa postrado, con respiración asistida, pedía un vaso de viño...

- ¡Pero Ricardo... home. Como é que queres beber...?". "Porque me gusta...". Así de sinxelo, así de transparente, directo, sen hipocresías nin argumentacións ou xustificacións tortuosas... "... Bueno... hai que marchar... Yo me voy. Ahí os queda "eso"...

Espero que os gustará. -¿Valor?... Yo no lo sé... Ese no es mi problema... Yo lo hice y con eso estoy satisfecho... Hasta pronto si....

O ATENEO rendeulle unha homenaxe en maio de 1998, non secundada axeitadamnete polos medios locais como a súa figura merecía, queixa xa tópica neste pobo...Escoito esas posibles derradeiras palabras súas, ditas ou pensadas. Así de claro, limpo e sen problemas, pero tamén profundo e non falto de retranca e sentido fino dun humor vital que sempre tivo. Os sentimentos, as reflexións que o seu pasamento produce no seu entorno penso que son múltiples e variados, como variopinto é o colectivo humano do seu arredor. Amigos próximos, amigos distantes, alumnos e alumnas, familia, veciños, entrañables veciños do barrio, etc, etc.


Pero por riba de matices e visións particulares hai dúas consideracións nas que todos coincidimos: a valoración da súa dimensión artística impresionante, e o recoñecemento dunha dimensión humana dificilmente alcanzable, feble e conscientemente gris pero grande e universal ó mesmo tempo.

Transcribo do espléndido Catálogo, editado pola Deputación para dito homenaxe:

"... o expresionismo de Ricardo Segura Torrella é realmente a expresión en formas e cores do que alenta no fondo dunha alma profunda, chea de enerxía, ás veces exhultante, ás veces atormentada, sempre ceibe".

Hoxe, esa profundidade de ser, de existir, está xa ceibe para sempre, allea a todo o que constituiu o seu vivir, a razón da súa existencia, por riba dos nosos recordos e dos nosos xuízos, alánmos espacios siderais..., lonxe de opinións, críticas, comentarios e demais..., foi o que foi, deixou a súa identidade para sempre imborrable e inmortal na súa obra. Que nos queda por dicir a nós... Non temos que laiarnos pola súa ausencia, temos que laiar unha vez máis por nós mesmos, por non terlle dado o trato e atención, o recoñecemento que merecía, tanta arte, tanta sinxeleza nun corpo tan miudo que viviu como quixo, sen pedir nada, pero todos sabemos que coa súa forma de ser tampouco tería rexeitado un pouco máis de agarimo.

Descansa Ricardo. Un dez "cum laude". Queda Segura.



SOLIDARIEDADE

PROXECTO HOME GALICIA
" 10 ANOS LOITANDO POLA VIDA"

Proxecto Home centra o problema do toxicómano non nas drogas, senón na propia persoa,

Dende aí entende a rehabilitación como un proceso de crecemento persoal de cara á propia autonomía. Dirixe a súa atención tamén ás familias. *Como programa especificamente educativo diferénciase doutros programas orientados á desintoxicación e deshabituaciode índole sanitaria. Por isto, defínese tamén como* apartidista e aconfesional.

Estamos a piques de remata-lo presente século XX. Unha das realidades máis destructivas e, polo tanto, máis preocupantes do último tercio deste século que acaba, xira ó redor das drogas. A partir dos anos 60, e dunha maneira claramente ascendente, por razóns de índole diverso (familiares, sociais, persoais...), as drogas ocuparon un lugar moi significativo na vida total de moitas persoas que optaron por se pechar no seu círculo destructivo. E Galicia non foi allea a esta realidade.

No seu momento fíxose bastante común a idea de que, unha vez metido nese círculo, o drogodependente non ten posibilidades de sair del; e aínda hai moita xente que o segue crendo. Proxecto Home e non soamente Proxecto Home _ desde o primeiro momento da súa instauración en Galicia, o 23 de xaneiro do 1990, empezou a traballar co convencemento fondo de que as cousas non son así, co convencemento de que calquera drogodependente, suficientemente arroupado por unha estructura terapéutica axeitada, ten en si enerxías suficientes para supera-lo cadro de adicción que o escraviza e anula como persoa e como membro dunha colectividade familiar e social.

O que empezou sendo un proxecto de principio suficientemente xustificado por outra parte polos resultados doutros centros de Proxecto Home xa existentes en España e fóra de España converteuse ó cabo dos 10 anos de traballo constante nunha realidade facilmente comprobable. A estas alturas máis de 650 persoas, homes e mulleres, de idades relativamente novas, puideron reface-la súa vida e integrarse no seu medio familiar e social, coa satisfacción de ter superado un problema capital na súa vida e coa satisfacción tamén de verse con capacidade de afronta-los retos diferentes da vida diaria sen ter que apelar para nada a calquera conducta adictiva.

Para que isto se fixese posible, foi necesaria unha oferta terapéutica por unha banda ben estructurada, e pola outra suficientemente áxil, como para poder responder ós retos sempre novos que unha vida en adiccións presenta sucesivamente.

A estructuración terapéutica levouse a cabo, en principio, mediante o desevolvemento dun proceso terapéutico en tres fases: Acollida ou Centro de Día, Comunidade Terapéutica e Reinserción Social. Cada unha destas fases desenvólvese nun marco de traballlo preciso cuns obxectivos ben delimitados e cuns instrumentos que favorecen a súa consecución. En Proxecto Home procúrase que nada se deixe á improvisación, que ningún detalle con incidencia no proceso terapéutico dunha persoa concreta quede á intemperie. Dentro deste marco organizativo foron feitos significativos os momentos de apertura dos diferentes centros de Proxecto Home por toda a xeografía galega: Santiago primeiro, logo Vigo, Ourense, Lugo, e finalmente A Coruña. Respondíase deste xeito á necesidade elemental de que o servicio ofertado por Proxecto Home estivese realmente ó alcance de calquera persoa precisado del. E dentro deste mesmo marco organizativo está a apertura dos Pisos de Apoio en tódalas cidades onde hai centro de Proxecto Home, para facilitar que mozos e mozas que, pola razón que sexa, non poden contar co respaldo familiar, non se vexan privados por iso da posibilidade de levar a cabo a súa rehabilitación. Na actualidade están abertos 10 pisos de apoio.

A axilidade necesaria para dar resposra ós novos cadros de persoas drogodependentes fixo que no seu momento se abrise o Programa de Apoio en Santiago como alternativa á fase de Comunidade Terapéutica, e fixo tamén que posteriormente se fosen sucedendo na historia de Proxecto Home en Galicia realidades como o Programa de Xoves aberto en Ourense desde 1997, a colaboración terapéutica cos diferentes Centros Penitenciarios existentes en Galicia, o Programa de atención a Alcólicos en A Coruña, o centro de Desintoxicación na mesma Coruña, a organización dun programa de rehabilitación específico para cocainómanos de fin de semana en Vigo, unha Escola de Pais en Ourense...

Para levar a cabo esta tarefa foi necesario un material humano significativo e foi imprescindible tamén un apoio económico suficiente. O material humano concrétase primeiramente nas mesmas persoas dos máis de 5000 residentes que durante estes 10 anos pisaron os centros de Proxectos Home, coa esperanza de lle poder dar un cambio radical ó seu sistema de vida; algúns chegaron á meta e outros non, pero por parte de todos levouse a cabo un investimento de esforzo e de ilusión que garantiu os éxitos acadados. Ó lado destas persoas, case sempre xente nova, estiveron os seus pais, os seus irmáns, as súas parellas, en definitiva as súas familias, ben como tales familias individuais, ben como familias organizadas na Asociación de Familias e Amigos de Proxecto Home, que neste momento sobrepasa os 2.600 individuos. Desde Proxecto Home préstase un apoio especialísimo á realidade familiar, tendo en conta o tamén especialísimo papel que unha familia normalmente situada pode xogar en todo o proceso de rehabilitación dun drogodependente.

E a carón de residentes e familiares unha presencia de incalculable valor é a dos grupos de voluntarios que, desde o primeiro momento, quixeron arroupar co seu afecto e cos seus servicios variados a tarefa que se leva a cabo nos centros de rehabilitación. Facer historia de cada unha destas presencias sería realmente imposible. O certo é que máis de trescentos voluntarios estiveron e están ofrecendo as súas habilidades e o testemuño dunhas vidas realizadas desde o servicio desinteresado, cousa que abre cara á sociedade a dinámica de autoaxuda que o residente procura experimentar diariamente nos centros. Graduado escolar, manualidades, deportes, seminarios temáticos, visitas culturais, integración social, acompañamentos persoais ou grupais

En pisos, etc., son algunhas das actividades concretas que estes voluntarios poñen ó alcance dos residentes.

E, por último, os educadores-terapeutas, un grupo especificamente preparado, que durante estes dez anos, estivo dalgunha maneira vehiculizando todo o esforzo terapéutico que se foi levando a cabo en tódolos centros de Proxecto Home Galicia, coas variedades características de cada un. Do grupo inicial de 6 terapeutas cos que se abriu Proxecto Home hai 10 anos, chegouse na actualidade ó número de 62, un percorrido que se fixo gracias a un evidente investimento de enerxías, planificación, implicación persoal e, tamén hai que dicilo, cartos.


Detrás de todo este movemento persoal, co que foi sendo posible que Proxecto Home Galicia chegase a se-lo que é, hai que situar á Fundación Monte do Gozo cunha presencia calada e constante, cunha vontade de apoio a proba de calquera eventualidade; ela permitiu que os pasos se desen, que as cousas madurasen, que os proxectos pouco a pouco, día a día, se fixesen realidade.

Desde un primeiro momento houbo institucións públicas e privadas que confiaron no labor levado a cabo en Proxecto Home. Houbo as primeiras lóxicas reticencias que se foron superando. Proxecto Home Galicia, co argumento dun traballo realizado con ilusión e seriedade, co argumento dos centos de persoas que progresivamente ían adquirindo a condición de Alta Terapéutica, foise vendo recoñecido ante Ministerios, Consellerías, Deputacións, Concellos, entidades particulares diversas, sen distinción da mentalidade ou do credo político que profesasen. O pensamento de Proxecto Home a este respecto é claro: non se mendigan axudas, demándase unha participación social, maiormente das institucións públicas, para a solución dun problema social que non ten cor ideolóxica nin política, e que é problema de todos, que afecta a todos, que é producto tamén de todos. Proxecto Home está fondamente agradecido a cantos nos axudaron coa súa confianza, co seu ánimo, co seu apoio económico. Mención expresa merece a Igrexa Galega, pois gracias a ela, Proxecto Home Galicia é unha esperanzadora realidade ó servicio da nosa comunidade.

Toda esta realidade viva e alentadora que se traduce en posibilidades

Ramón Gómez Cresto
Director Presidente





IMAXE

Por Urcaray



A COCIÑA ECONÓMICA

A COCIÑA ECONÓMICA

Esta Institución Benéfica comezou a súa tarefa en setembro de 1891, por mor da iniciativa de don Antonio Togores y Corbián quen sensibilizado pola penuria económica pola cal pasaban moitos habitantes de Ferrol, na derradeira década do século XIX, co gallo dos períodos en que a nosa cidade sufría os avatares propios da súa dependencia do poder central, neste caso, os estertores das últimas posesións de Ultramar, fixo ve-la necesidade de tratar de paliar, no posible, as penalidades do que, naqueles tempos se chamaba as clases xornaleiras e, para isto tivo a xenerosidade de poñe-los recursos necesarios para a súa posta en marcha, a disposición das persoas que convenceu para levar adiante esta idea.

Esta iniciativa de axuda ós seus semellantes plasmouse nun Regulamento do cal quero destacar dous aspectos importantes que explican, dalgún xeito, a súa permanencia durante tantos anos. Un deles foi o carácter laical do Establecemento, co cal se abría á colaboración do máis amplo espectro de persoas que foran sensibles diante da necesidade dun semellante, e outro foi o establecemento para acceder ó servicio de comedor por medio da compra duns bonos de comida que se expedían a un prezo moi asequible, co cal lográbase dignificar ás persoas que alí acudían, xa que así, dalgún xeito, pagaban a súa comida.

A COCIÑA ECONÓMICA foi clasificada como de Beneficencia Particular por Real Orde do Ministro da Gobernación, con data 19 de xaneiro de 1916, e exenta do Imposto sobre os Bens das Persoas Xurídicas, segundo Resolución da Dirección Xeral do Contencioso do Estado con data 28 de xuño de 1917.

A Institución carece de bens propios, salvo o edificio no cal está situada que se erixiu en 1920, por mor do labor levado a cabo por don Joaquín Fontán Santamarina, e a súa inauguración data do 31 de agosto de 1921, cunha comida extraordinaria e gratuíta a máis de trescentas persoas. O novo edificio levouse adiante coa axuda extraordinaria do pobo de Ferrol, e é de salientar que se chegou a recibir diñeiro de ferroláns residentes en Bos Aires que quixeron axudar a sufraga-los gastos da súa construcción. O arquitecto que deseñou o edificio foi don Rodolfo Ucha, quen cobrou 627 pesetas, a metade dos seus honorarios, deixando a outra metade como donativo para a Institución.

Transcorreron cento nove anos dende a súa fundación, estamos ás portas do terceiro milenio, nunha sociedade autodenominada da Abundancia e do Benestar, polo que semellaba lóxico pensar que unha entidade deste tipo hoxe non tería razón de existir, sen embargo, a experiencia e a realidade da vida obrígannos a permanecer neste labor de atender nesa necesidade primaria que é o acceso a un plato de comida quente, recén cociñada. É certo que os nosos actuais usuarios non son os menesterosos de hai anos, que tamén os hai, a eles súmase xente nova, marxinados sociais, alcólicos, transeúntes e ademais, engádense dúas pragas propias deste século, como son a drogadicción e o paro, que xeneran unha necesidade de asistencia especial, ademais do grupo de familias que por mor de estar a pasar fortes apuros económicos, veñen a busca-la comida para levar ás súas casas.


Nós abrimo-la porta tódolos días, sen preguntar nada a ninguén. Por desgracia, hai xente que leva máis de vinte anos vindo ininterrumpidamente. A nosa obriga é abri-la porta e dar de comer a quen ten fame. Dalgún xeito hoxe sentímonos respaldados por esa ola das ONG'S cunha modalidade de colaboración e axuda ó necesitado de finais do século XX. Sen embargo, nós levamos cen anos de adianto ás ONG'S.

A COCIÑA ECONÓMICA é unha institución que callou firmemente entre os ferroláns. De feito, a pervivencia da Institución débese á xenerosidade e solidariedade do pobo de Ferrol que, dende a súa fundación, aporta cos seus donativos, ben en metálico, ben en especie, os recursos necesarios para facer fronte ós gastos para dar de comer a unha media de cen persoas diarias, así como ó mantemento do edificio, sen esta axuda non poderíamos sobrevivir.

É certo que non resolvemos problemas personais, non ensinamos a pescar, a nosa misión ocupa o último lugar, xa que consiste só en dá-lo peixe, pero desgraciadamente constatamos que somos necesarios e así seguiremos en tanto haxa persoas en estado de necesidade tan primaria como é o comer, e mentres sigamos a recibi-lo apoio económico de todos aqueles que, libre e solidariamente, aportan coa súa cota os recursos necesarios para o noso mantemento.

A nosa cidade ten defectos, pero é altamente solidaria, e en poucos lugares se pode dicir coma nós, que aquí ninguén se deitou sen tomar un prato de comida quente, se así ocorrese, sería por non acudir á COCIÑA ECONÓMICA. Na rúa Rubalcava 29, tódolos días ábrese a porta para dar de comer a quen o necesita.

José Antonio Hernán Seijas
Presidente da Xunta de Goberno



OUTRAS ENTIDADES

A SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL

A ***Sociedade de Historia Natural*** xurde como tal en 1976 a partires do Grupo Ornitolóxico Galego creado no ano 1973. Esta entidade científica, sen ánimo de lucro, e de carácter independiente ten como fins o coñecemento, a divulgación, a protección e a conservación do medio natural galego. Tendo como medios de difusión as revistas "Paspallás" e "Braña" esta última de carácter científico e que foi a primeira revista de tal carácter escrita en galego.

Actualmente a ***SGHN*** conta con delegacións en A Coruña, Pontevedra (Vilagarcía de Arousa), Ourense, Santiago de Compostela e Ferrol.

A delegación de Ferrol atópase actualmente. En dende o ano 1983, na ***rúa Méndez Núñez 11, baixo*** (antigo Hospicio Sta. Teresa). Esta delegación conta na actualidade con douscentos socios e as axudas de distintas administracións que a sustentan económicamente.

Son moitas as actividades nas que a delegación ferrolá participa e desenrola, todas elas orientadas ós fins anteiormente sinalados, podendo destacar entre elas:

Publicacións: "A Frouxeira", "Doniños", "Dez sitios de Interese Natural da Comaca ferrolá" e "Amar o mar" (vídeo).

Educación Ambiental: organización de distintos cursiños e monitorización de excursións para escolares polos espacios de A Frouxeira, Doniños e Ortigueira en colaboración coa Delegación Provincial de A Coruña de Medio Ambiente Natural da Xunta de Galicia. Conta na súa delegación cunha biblioteca adicad ó Medio Ambiente.


Conservación : a delegación ferrolá da SGHN participou activamente na apertura da canle orixinal da lagoa de A Frouxeira, ou no cese das prácticas de tiro con fogo real realizadas sobre as Illas Gabeiras. Realiza campañas de concienciación e de seguimento de proxectos que puideran ter incidencias negativas sobor do medio natural.

Actividades de carácter científico : A ***SGHN*** vén realizando dende os primeiros anos da década dos setenta os Censos de Aves Acuáticas Invernantes, Censos de Aves petroleadas, asi como o anelamento científico de aves. Dende tempos máis recentes adícase ao seguimento dos avistamentos de cetáceos da bisbarra e dos seus varamentos, entroutras actividades deste tipo. Mención aparte merece o Museo que esta delegación posúe no seu local social, este comenzou sendo unha pequena exposición sobor da riqueza natural de Galicia. Hoxe, gracias ao esforzo altruista de moitos socios e socias podemos considera-lo un Museo do que non existen similares en toda Galicia e no que se expoñen coleccións completísimas como a de cunchas recopilada polo noso benquerido amigo e delegado da SGHN-Ferrol, Xabier Soñora que triste e prematuramente nos deixou.

Ademais expóñense esqueletos de cetáceos, de aves, de mamíferos terrestres, unha colección entomolóxica, tartarugas, animais de todo tipo disecados ou momificados, reproduccións a tamaño natural de golfiños, etc. Case todo o material exposto foi recollido en Galicia e, en ningun caso foi sacrificado para a súa mostra.

A delegación de Ferrol de cara a un futuro cercano (xa estamos en xestións) ten previsto crear unha sección de actividades subacuáticas para o estudio biolóxico da vida mariña. Na actualidade as súas maiores carencias atópanse na necesidade dunha restauración do local actual ou na procura dun local que permita expoñer tódolos fondos museísticos que posúe e relaizar tódals nosas actividades. Mais estas carencias non desaniman aos nosos socios nin deben deben desanimar a ninguén a acercarse a coñece-lo noso traballo na bisbarra de Ferrolterra durante todos estes anos.

A Xunta Directiva



OUTRAS ENTIDADES



REAL CORO "TOXOS E FROLES"

DECANO DOS COROS GALEGOS

Rúa do Sol, 208 baixo. Apdo. 72
15401 FERROL

TOXOS NUNHA NOVA XEIRA

Neste 2.000 cúmprense oitenta e cinco anos da primeira actuación do **Real Coro "Toxos e Froles"**, decano dos coros galegos, ante o público ferrolán. Nos últimos días do mes de maio de 1915 os compoñentes do coro ofreceron todo o que mellor sabían da nosa música e canto.

Un grupo de ferroláns, moitos deles obreiros da Constructora Naval, uniran os seus desexos e esforzos para fundar unha asociación que se preocupase polo noso folclore, seguindo os pasos de Perfecto Feijoó... ¡e a boa fe que o conseguiron!.
E, despois daquelo... anos e anos de Toxos, nada menos que oitenta e cinco, ó servicio de Ferrol e de Galicia.

A mediados do pasado mes de setembro o Real Coro celebrou unha asemblea xeral con fin de, entre outros temas, elixir unha nova xunta directiva. A partir de dito mes, trátase de dar un novo xiro ilusionante, de emprender unha nova xeira, utilizando palabras que no seu día dedicou Luis Calvo a unha etapa que comezou, mais, por motivos diversos, non culminou. Trátase agora, pois, de situar a Toxos no lugar que sempre lle correspondeu.

E así comezaron as cousas.

Trala decisión, que nos causou certa dor, de abandonar o Real Coro, días antes da asemblea, por parte dun grupo pertencente á banda de instrumentos musicais, a nova xunta directiva tratou, en primeiro lugar, de tapar esa ferida e polo tanto afortalar tódalas sección do Toxos.

¡E verdadeiramente, atopamos xenerosidade!.

En breve, moi en breve, Toxos puido contar cun grupo de baile do que carecía hai anos. Nada menos que arredor de trinta mozos e mozas uníanse ó noso proxecto. E, parellamente... outro grupo integrouse na banda de instrumentos musicais. Realmente, a nova directiva está en débeda con Xosé Llao e Lolete, que tanto axudaron e axudan.

Tamén organizamos, e coidamos que ben, o grupo de cantareiras. ¡Gracias, Maite!.

O coro... ¿que dicir do coro?. Ben levado polo seu director, Manuel Amorós, está a mellorar, día a día, e incorporando novas voces.

Creamos novas escolas de instrumentos musicais tradicionais e de baile. Continuamos, este ano, coa escola de palilleiras.

Arranxamos o "Lar", melloramos o mobiliario, puxemos ó día a colección pictórica e o museo...

Total, que todo aquello está a tomar forma e continuidade.

¿E agora...?

PROXECTOS EN MARCHA

A día de hoxe, Toxos embarcouse nunha agradable aventura, toda ela dirixida, precisamente no mes de maio, á conmemoración do aniversario. Imos gravar un CD e un vídeo, están a confeccionarse novos traxes para os coristas e as cantareiras, presentaremos o número tres de "Labor Galega", a revista portavoz de Toxos e temos previsto un programa coa realización de conferencias, exposicións, festivais...


Pretendemos "darlle máis vida" ó noso Toxos e todo isto pensando en que o **Real Coro "Toxos e Froles"** é toda unha institución galega que todos nós debemos conservar.

É por isto que, a poucas datas da celebración do aniversario, aproveitemos a ocasión que nos brinda o Ateneo para facer un chamamento a tódolos ferroláns. Que veñan ó noso "Lar", que veñan a Toxos, na rúa do Sol, que continúen apoiando ***"O CORO"***, porque a nosa sociedade, sen desexar envexas de ninguén, e sen chauvinismos, é algo de todos, de Ferrol, de Galicia e polo tanto merece a nosa atención.

Dende Toxos... unha forte aperta para todos e todas nesta NOVA XEIRA.

A Xunta Directiva





FALAMOS DE...




XAIME BELLO E ELISEO ZAERA NA VISITA DO ALCALDE Ó ATENEO.



FIADEIRO MUSICAL: CONCERTO DE B.J. JAIBER




OBRADOIRO INFANTIL DE MANUALIDADES



XURXO VARELA



FIADEIRO MUSICAL: CONCERTO FOLK "CACHIMONIA"



EXPOSICIÓN PINTURA
MARIA MANUELA
DULCE MARIA
MARIA ESPINOSA

DIA INTERNACIONAL DA MULLER



VISITA DA LOITADORA AFGANA SAPHIRY HAKAMI Á ALCALDIA DE FERROL



SAPHIRY HAKAMI É "MARÍA DAS BATALLAS"



FEDERICO LUPPI NO ATENEO




FEDERICO LUPPI ENCHEU O ATENEO.





FIADEIRO MUSICAL: CONCERTO B.J. JAIBER.
DE FONDO O MURAL DO DÍA DA PAZ REALIZADO
POR: PATINHA, LEANDRO, DEXO e ENRIQUE. PEREIRA



Por Isaac Díaz Pardo

A desmemoración da Historia

Este ano no que se fala tanto de Castelao ao se cumprir o cincuenta cabodano seu, Ferrol tiña que recordar a un importante fillo, inmolado no ano 36 polo seu amor a Galiza e ás causas xustas, pois era o membro máis importante en Galicia do Partido Obreiro Socialista Español. Sendo alcalde de Ferrol, presidiu a Asemblea de Municipios do ano 32 que elaborou o Proxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia, plebiscitado o 28 de xuño do ano 36. Estou escribindo, como o lector xa se decataría, de Jaime Quintanilla, o máis culto e informado do partido de Pablo Iglesias, hoxe arrombado da memoria pola ignorancia histórica e o oportunismo dos que se cren inventores da pólvora, e non queren que o antecedente dos grandes homes lles faga sombra.

Castelao non se esquenceu de Quintanilla no seu exilio. No "Sempre en Galiza" teno ben presente a partir das páxinas 57, 71 185 e 435. E no funeral cívico de Alexandre Bóveda, celebrado no ano 48 no Centro Ourensán de Buenos Aires, dixo, entre outras cousas importantes:

"Imaginad una asamblea de los mártires gallegos en grupos presididos por Quintanilla (socialista), Benigno Varela (comunista),Miñones (republicano) y Villaverde (anarquista), y no es difícil calcular que ellos aceptarían que Bóveda fuese nombrado por nosotros como el protomártir. Imaginad el retorno a la legalidad cuando brille el sol de la libertad en Galicia y el pueblo gallego se sienta confortado por el calor de la justicia, y entonces vereis que el nombre de Bóveda será nuestra bandera".

Hai que ver qué lonxe estaba o pensamento de Castelao da realidade da liberdade desmemoriada que nos deron.

Todo isto forma parte da dramática historia de Galicia, navegando no proceloso mar dos intereses de cada quen, cunha Autonomía que se esquence de que a primeira idea que se formula co artellamento do seu anteproxecto de Estatuto partiu do Seminario de Estudos Galegos, cousa que se tenta ocultar para que a xente non saiba de cómo foi prohibido e espoliado por poñer a súa ciencia, que representaba o primeiro instituto científico interáreas que tiña España, ao servicio de Galicia, e do que Jaime Quintanilla formaba parte.

Hoxe gábase moito ao Castelao artista, coa piadosa idea de ocultar o Castelao político comprometido con Galicia e coas causas xustas. Exhíbese moito "As cruces de Pedra na Galiza" , destacando os seus dibuxos, e agachando canto poden que figura como obra do Seminario de Estudos Galegos, incluido o seu carimbo, e que como colofón contén o testemuño que Castelao titula "Envío", derradeira denuncia dun proceso que ainda non foi sustanciado, pese a tódalas institucións culturais que andan por aí.

Isaac Díaz Pardo
San Marcos, marzo do 2000



PROGRAMACIÓN

Abril - Junio 2000



Abril

As actividades recadradas son aquelas que se realizarán fóra das instalacións do Ateneo Ferrolán

Domingo 2 (12 h.)

CHARLA-COLOQUIO
"O TEATRO E O CINE HOXE"
polo actor FEDERICO LUPPI



Xoves 6 (20.30 h.)

XOVES TEATRAIS :
TANTTAKA TEATRO, de Euzkadi
con " El florido pensil "
Lugar: Auditorio Municipal "Torrente Ballester"



Venres 7 (20.30 h.)

Conferencia:
" LIBERTADE E EDUCACIÓN"
Por : JAIME RODRÍGUEZ ARANA
Sociólogo Universidade de Madrid
Organiza: Asociación Tirso de Molina

Venres 7 (20.30 h.)


Inauguración Exposición : **IMAXES**
Fotógrafos de Ferrol
do venres 7 ó martes 18

Mercores 12 (20.30 h.)

Teatro EXPERIMENTAL de Madrid
con " **LOOOCURA** ", adaptación de "Locura, 17 casos", de A. Gª Calvo e "Muerte accidental de un anarquista", de Darío Fo

Xoves 13 (20.30 h.)

XOVES TEATRAIS :
Teatro LIBRESCENA
con " **Cyrano de Bergerac** "
Lugar: Auditorio da FIMO




Venres 14 (20.30 h.)

Presentación do libro:
"PÍNTOME DE CORES"
de Sabela Arias Castro

Sábado 15 20 horas

FIADEIRO MUSICAL EN CONCERTO :

MANOLO BACALLAU



Martes 25 (20.30 h.)

Inauguración Exposición de Fotografía:

ALGUEN AGARDA QUE VOLVA ALÍ

Fotografías e Poseías de Cuba
do martes 25 ó 7 de maio

Xoves 27 (20.30 h.)

XOVES TEATRAIS :
OLLOMOL TRANVÍA
con " **Ñiqui - Ñaque** "
Lugar: Auditorio Municipal "Torrente Ballester"

Sábado 29 20 horas

FIADEIRO MUSICAL EN CONCERTO :

"HERMAN BLUES"

Maio

Martes 2 (20,30 h.)

CINE: ***PERROS DE PAJA***

Mércores 3 CICLO DE ECOLOXÍA

Proxección (19.30 h.) Conferencia: (20.30 h.)

"RIESGOS CLIMÁTICOS"
Por ANTONIO MARTÍNEZ CORTIZAS
Profesor Titular de Edofoloxía
Universidade de Santiago

Xoves 4 (20.30 h.)

XOVES TEATRAIS :
RAYUELA Producciones Teatrales
con " **MAX** " de Juan Benet
Lugar: Auditorio "Torrente Ballester"


Venres 5 22 horas

NOITES DO LUGAR: PORTUGAL

CEA e MÚSICA de FADOS

Lugar : CASA DO MAR

Martes 9 (20,30 h.)
CINE: ***LA LEY DE LA CALLE***





Martes 9 (20.30 h.)

Inauguración Exposición de Debuxo:
DEBUXOS de EUGENIO GRANELL
Fundación Eugenio Granell (Santiago)
do martes 9 ó domingo 30

Mércores 10 **CICLO DE ECOLOXÍA**

Proxección (19.30 h.) Conferencia: (20.30 h.)

"OS DESASTRES NATURAIS"
Por FRANCISCO CASTILLO RODRÍGUEZ
Profesor Titular de Edofoloxía
Universidade de Santiago

Xoves 11 (20.30 h.)


XOVES TEATRAIS :
FATORÍA TEATRO
con " **As presidentas** "
Lugar: Auditorio Municipal"Torrente Ballester"

Sábado 13 20 horas

FIADEIRO MUSICAL EN CONCERTO :

"CHARETAS"

Martes 16 (20,30 h.)
CINE: ***LA PODEROSA AFRODITA***



Xoves 18 (20.30 h.)

XOVES TEATRAIS :
ESPELLO CÓNCAVO
con " **Castelao, sempre en Galiza** "
Lugar: Auditorio Municipal "Torrente Ballester"

Martes 23 (20,30 h.)
CINE: ***LA PIEL***



Martes 23 /Mércores 24 (20.30 h.)

XOVES TEATRAIS :
CENTRO DRAMÁTICO GALEGO
con " A burla do galo "
Lugar: Auditorio Municipal da FIMO

Mércores 24 CICLO DE ECOLOXÍA

Proxección (19.30 h.) Conferencia: (20.30 h.)

"**A CONTAMINACIÓN DAS AUGAS**"
Por JOSÉ GRAÑA CARRODEGUAS
Catedrático de Bacherelato
do Instituto Sofía Casanova

Venres 26 21 horas

NOITES DO LUGAR: ARXENTINA / CHILE

CEA e MÚSICA POPULAR

Lugar : CASA DO MAR

Sábado 27 11 horas


SEMANA DE MEDIO AMBIENTE
MARATÓN FOTOGRÁFICO INFANTIL:
"**NO OBXECTIVO O TEU ENTORNO**"
Organizan : Ateneo Ferrolán e JOSBE
Patrocina: Concellería Medio Ambiente Ferrol
Saída : Praza do Inferniño (Porta Nova)

Sábado 27 20 horas

FIADEIRO MUSICAL EN CONCERTO :

DOC JECKYLL

Martes 30 (20,30 h.)
CINE: ***FAHRENHEIT 451***



Xunio

SEMANA DE MEDIO AMBIENTE

Venres 2 (20.30 h.)
Inauguración Exposición do 10° Certame de
FOTOGRAFÍA DE MEDIO AMBIENTE
Organiza : Ateneo Ferrolán
Lugar : Ateneo Ferrolán

Sábado 3 (10 horas)
MARCHA CIRCULAR
Organiza : Club de Montaña
Saída : Canido (Depósito de Auga)

Sábado 3 (16 horas)

LIMPEZA DA RÍA
PASEO Á VELA
Organiza : Club do Mar
Lugar : Muelle de Ferrol

Domingo 4 (10 horas)

DEBUXA E COLOREA A TÚA CIDADE :
Exposicións :
FOTOGRAFÍA SUBMARINA e MARATÓN
Organizan: Ateneo e Club do Mar
Lugar : Alameda dos Cantóns

Luns 5 (19 horas)

Entrega de Premios
Lugar : Cantóns
Patrocina: Concellería de Medio Ambiente.CONCELLO DE FERROL

Martes 6 (20,30 h.)
CINE: ***SED DE MAL***



Mércores 7 CICLO DE ECOLOXÍA

Proxección (19.30 h.) Conferencia: (20.30 h.)
"OS CAMBIOS NO LITORAL"
Por AUGUSTO PÉREZ ALBERTI
Catedrático de Xeografía Física
Universidade de Santiago

Sábado 10 20 horas

FIADEIRO MUSICAL EN CONCERTO :

GALVANIA

DONAS E GALÁNS

Martes 13 (20,30 h.)
CINE: ***EL CRIMEN DE CUENCA***



Venres 23 21 horas
NOITES DO LUGAR: BRASIL

CEA e MÚSICA POPULAR

Lugar : CASA DO MAR

VARIOS:

Ó peche da revista estamos a realizar xestións para a organización, en colaboración coa Universidade da Coruña, dunhas xornadas técnicas arredor do Proxecto e Estudio da evaluación do Impacto Meidoambiental do novo Porto Exterior e as súas repercusións.

Este traballo, elaborado polo Ministerio de Fomento, na actualidade, está en proceso de exposición pública, na Sala de Exposicións da Autoridade Portuaria.

Asemade, algunha das actividades, poderían sufrir algunha alteración de data por mor de non ter pechados tódolos detalles ó cen por cen.



EXPOSICIÓNS

Abril

Venres 7 (20.30 horas)

Inauguración da Exposición **IMAXES**
4 FOTOGRAFOS FERROLÁNS
"CHUS" MARTÍNEZ
ALEJANDRO CABADAS`PERNAS
KIKO DELGADO
CARLOS CARBALLEIRA
do 7 ó 18 de abril



Alejandro C. Pernas




Martes 25 (20.30 horas)

Inauguración da Exposición de Fotografía

ALGUÉN AGARDA QUE VOLVA ALÍ

Fotografías de Cuba e poesias sobre o tema

do 25 ó 7 de Maio



Maio

Martes 9 (20.30 horas)

Inauguración da Exposición:

DEBUXOS DE EUGENIO GRANELL

Fundación Eugenio Granell - Santiago
do Martes 9 ó Domingo 30 de Maio



Xuño

Venres 2 (20.30 horas)

Inauguración da Exposición do 10° Certame

FOTOGRAFÍA DE MEDIO AMBIENTE

do venres 2 ó Martes 20 de Xuño



XOVES TEATRAIS

Abril - Maio 2000

Tódalas funcións terán lugar no Auditorio Municipal "Torrente Ballester", ás 20,30 horasExcepto: CYRANO de BERGERAC (abril 13) e o CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (maio 23 e 24) que serán no Auditorio da FIMO

Abril, xoves 6
TANTTAKA TEATRO (País Vasco):
"El florido pensil"
de Andrés Sopeña.
Dtor.: F. Bernvés e M. Gabilondo

SIPNOSE: Unha crítica con humor do sistema educativo da España da postguerra. Os seus protagonistas iránnos descubrindo os escenarios da acción, en primeiro lugar a escola centro fundamental para a propaganda do ideario fascista. E máis tarde o resto de tribunas desde as cales o réxime enviaba as consignas de apoio: o cine de barrio, a radio familiar, a igrexa e a prensa, representada polo aparentemente inofensivo tebeo.

Abril, xoves 13 <u>*AUDITORIO DA FIMO*</u>

TEATRO LIBRESCENA:
"Cyrano de Bergerac"
de Edmond Rostand
Dirección, Xosé M. Rabón

SIPNOSE: Cyrano é pura poesía, renuncia, sacrificio, conscente das súas eivas, namorado perdidamente de Roxanna, utiliza os seus sentimentos convertedos en palabras musicais e tenras, para namorala, aínda que sexa para outro.

Abril, xoves 27
OLLOMOL TRANVÍA:
"Ñiqui Ñaque"
Dtor. : Cándido Pazó
Interpretes: Santi Crespo e Avelino González

SIPNOSE: Un xogo dramático no que o tempo e o espacio poderían ser todos ou ningún. Uns cómicos máis ou menos do século XVII, viaxan en moto e falan do móbil. Créase unha atmósfera e unha estética xustificada unicamente polateatralidade.

Maio, xoves 4
RAYUELA, Produccións Tetrales s.l.
"MAX"
Juan Benet. Dirección, Carlos Nuevo

SIPNOSE: Max é un artista de circo empeñado en conseguí-lo "máis difícil todavía", o salto imposible. Sen embargo cada vez que o intenta cae desde o alto do alambre. O público abarrota o circo para ver com Max fracasa día tras día. O tempo pasa e chégase a dubidar da autenticidade das caídas. Max antepón o amor, a súade e incluso a vida ó desexo de triunfo. O Empresario acompaña a Max nunha simbiose siniestra e decadente. Este canso, enfermo e vello anuncia o seu último salto. Max voa. Sen embargo o público paga e agarda que caiga coma sempre.

Maio, xoves 11
FACTORIA TEATRO
"As presidentas"
de Werner Schawb

SIPNOSE: Tres mulleres, socialmente definidas coma da máis baixa pequena burguesía, reunidas falan das cousas da vida. Greta e María disputan entre elas, mais tamén se divirten comen e beben, mesmo se achispan un pouco e soñan cunha vida mellor. As cousas máis cotidiáns van saindo e elas tentarán solucionalas cunha serie de máximas e sentencias, e fánno como auténticas presidentas, dirixindo o destino do mundo.


Maio, xoves 18
ESPELLO CÓNCAVO:
"Castelao, sempre en Galiza"
Director: Arturo López

SIPNOSE: O xove Castelao, xurde da historia, enfróntase coa súa obra a través dos personaxes por él creados. Transcorre nun espacio máxico no que nós, espectadores somos testemuñas de cómo Castelao destrúe a imaxe do mito.

Maio, martes 23 e mércores 24 <u>*AUDITORIO DA FIMO*</u>

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO :
"A burla do Galo"
de Roberto Vidal Bolaño"

SIPNOSE: Un cabaleiro portugués, ó que veñen de coroar como Galo de Portugal, polos seus moitos amores, misteriosamente vólvese galo. O remedio para ese mal está na peregrinaxe a Santiago, onde vai co seu criado Porfirio. Alí atoparáse con dúas Compostelas, unha que rexeita a súa presencia e outra quere saber dos seus engados. Unha recreación do mito de Don Xoán, inspirada no conto de Alvaro Cunqueiro "O Galo de Portugal".



IMAXE

Por Xosé Loís "Carrabouxo"





CONVOCATORIA

10º CERTAME FOTOGRAFÍA DE MEDIO AMBIENTE 2000

O **ATENEO FERROLÁN**, en colaboración coa ***Dirección Xeral de Xuventude***, da Xunta de Galicia e a Concellería de Medio Ambiente de Ferrol, co gallo da celebración do **DÍA MUNDIAL DE AMBIENTE** , organizan un concurso fotográfico para afeccionados e profesionais, que se rexirá pola seguintes :

BASES

TEMA: Estará relacionado coa Ecoloxía nos seus diferentes aspectos (fauna, flora, paisaxe, agresións...)

PARTICIPANTES: Estará aberto a tódalas persoas afeccionadas ou profesionáis da fotografía.

OBRAS: Cada participante poderá enviar un máximo de TRES fotografías, en Branco e Negro ou Cor, podendo acceder soamente a un dos Premios. As fotografías serán inéditas, non premiadas anteriormente e sen técnicas de laboratorio.

TAMAÑO: Tódalas fotografías presentadas non poderán exceder dun máximo nas súas dimensións de 30 x 40 cm e un mínimo de 18 x 24 cm. As fotografías deberán presentarse montadas sobre unha cartolina con dous tamaños únicos de 30 x 40 ou ben, 40 x 50 cm.

PLICAS: Os participantes indicarán o seudónimo do autor e o Título da mesma no reverso da cartolina na que deberá montarse cada foto. No interior dun sobre pechado que leve o seudónimo, figurarán os seus datos personais: Nome, Apelidos, Enderezo, Teléfono e Seudónimo utilizado.

ENVÍOS: As fotografías enviaránse ó seguinte enderezo:
ATENEO FERROLÁN
Rúa Madalena, 202-1º
CP 15402 - FERROL
telf: *981 357 970*
E_mail: *a_ferrol@teleline.es*

PRAZO: O prazo de admisión remata o venres 26 de maio do 2.000.

XURADO: O Xurado estará formado por TRES persoas cualificadas no campo da fotografía. A secretaría recaerá nun representante do Ateneo. A decisión do Xurado será inapelable e daráse a coñecer o día 2 de xuño, no acto de inauguración da Exposición. As fotos premiadas e os seus negativos quedarán en propiedade do **Ateneo Ferrolán.**

PREMIOS: 1º- 150.000 pesetas
2º- 50.000 pesetas
3º- 25.000 pesetas
4º- 25.000 pesetas *(Especial Menores de 25 anos)*

Se as obras presentadas non alcanzasen a calidade necesaria, a criterio do Xurado, o premios poderán ser declarados desertos. Se con posterioridade á concesión dos premios se tivese coñecemento de anomalía ou incuplimento das Bases, procederáse á revocación do mesmo.

ENTREGA DE PREMIOS: Faráse o día 2 de xuño no acto de inauguración da Exposición.


EXPOSICIÓNS: Coas fotografías seleccionadas faráse unha primeira Exposición no **Ateneo Ferrolán**, dende o venres día 2 ata o día 20 de xuño. A Organización, facendo uso dos seus dereitos, realizará unha itinerancia da Mostra durante o resto do ano 2000. Dentro da itinerancia contémplase a súa mostra no **Outono Fotográfico de Ourense**. As fotografías seleccionadas para esta Mostra quedarán á disposición do **Ateneo Ferrolán** ata o día 31 de decembro.

DEVOLUCIÓNS: Soamente devolveránse aquelas obras que veñan acompañadas dun sobre prefranqueado ou aquelas que sexan recollidas personalmente no **Ateneo Ferrolán**, establecendo un prazo de trinta días a partir da clausura da Exposición. Transcurrido o mesmo entenderáse que os autores renuncian a calquera dereito sobre as fotos presentadas.


OBSERVACIÓNS:
- A participación no Concurso implica a total aceptación destas Bases.
- Non se aceptarán aquelas fotografías que polo seu contido poideran poñer en perigo as especies fotografiadas.
- Os casos non contemplados nestas BASES resolveránse polo Xurado.

AGRADECEMENTOS: A tódalas persoas e entidades colaboradoras, en especial á **Dirección Xeral de Xuventude** e maila **Casa da Xuventude de Ourense**, por inclui-las fotos seleccionadas na súa Mostra, no conxunto de exposicións que compoñen tan prestixioso evento no mundo da imaxe.









TURQUÍA
IRAK
JORDANIA
IRÁN
AFGANISTÁN
ARABIA SAUDÍ
Kuwait
Is. Bahrein
Qatar
Piratas

AFGANISTAN



Ó Noroeste da meseta de Irán. Solo rico en carbón e gas natural. Gobernado por talibáns, en nome de Deus.

Territorio de paso entre Rusia e India, na antigüIdade converteuse en tapón, dominado polos británicos, atopando apoio na antiga URSS.

A súa poboación, de estirpe nómada, na súa maioría, fala pasht, ademais de persa, turco e beluchi, pero as súas mulleres non teñen voz, nin rostro, nin dereito a deprender, nin a se curar se caen doentes.

É membro das Nacións Unidas dende 1946.

Saphiry contou no Ateneo os motivos que levaron ó seu pai a pedirlle que salise de Afganistán, para evitar que a matasen. A resistencia está fóra, xa que dentro as mulleres non contan. NON SON.

"Enténdese por bravura a forza para resistir ós nosos inimigos. E por bravura moral, aquela que nos permite soporta-las presións dunha multitude e ás veces as dos nosos propios amigos".

Gerald Brenan

"Aínda que Deus non existise, a relixión seguiría a ser sagrada e divina. Deus é o único ser que non precisa de existir para reinar".

Baudelaire

DECRETOS DOS TALIBÁNS

Algunhas das principais medidas que atañen ás mulleres que forman a metade da poboación afgana

- As mulleres asalariadas non deben traballar máis. Só poden sair cubertas polo *burka*.
- A *burka* é coma un saco, dentro del un é casi cego (...)
- A casa é coma unha cárcere: tamén na cárcere podes sair ata o xardín.
- As escolas para nenas están pechadas. As nenas só teñen dereito a unha educación coránica ata a idade de nove anos.
- Está prohibido que as mulleres se instrúan.
- As persoas culpables de adulterio son lapidadas públicamente ata a súa morte.
- As persoas collidas en flagrante delito de roubo amputaráselles a man dereita, a única autorizada para comer.
- Os paxaros non deben estar engaiolados.
- Anteriormente as viúvas estaban autorizadas a traballar nas fábricas. Actualmente os talibáns non permiten que as mulleres traballen. ¿Cómo poden alimentar ós seus fillos?. (...) nos pobos as mulleres viven como animais. Non teñen dereitos, non poden ocuparse delas mesmas. Non teñen vestidos, nin comida, nin alimentos. Estálles prohibido sair. Se caen enfermas e o seu home está ausente, permanecerán na súa casa ata que morran. Está prohibido que vaian soas a visitar ó médico. Ás veces o home rexeita que a súa muller sexa visitada por un médico.

TESTEMUÑA

"A vida cos talibáns é todavía peor que a vida na guerra. ¡Na guerra, a lo menos eramos libres!.


Unha media de trinta mulleres suicídanse cada mes por non aturar da situación. A miña vida é unha prisión. Todo Afganistán é unha prisión".

"Choro ó pensar neste país sublime, Afganistán, que tras dezaoito anos de guerra civil, afúndese na noite pechada dos talibáns."

Cristine Spengler. Revista El Mundo. Xullo 1997



Saphiry Hakami



IMAXE

Por Xosé Lois "Carrabouxo"







Por Pepa Beltrán

GUÍA PARA AS PERPLEXAS DE PEPA BELTRAN

Queridas perplexas:

¿MORREU O FEMINISMO?

Non, pero agoniza. Fagamos un pouco de autocrítica. Ningunha revolución sobre a terra fraguouse falta de ideas e nosoutras levamos uns anos tan embutidas na auto-complacencia e na dilatación do noso ánimo, que corremos o risco de confundir lexislación con igualdade, ou constitución unitaria con dereitos reais. O silenzo que estamos a gardar diante dos malos tratos, a tasa de desemprego feminina, a desigualdade dos salarios é digno de asombro. Non faltan exemplos. Durante anos loitamos pola incorporación da muller á vida política deste país. Casi o temos conseguido e na realidade foi unha gran victoria. Dende ese punto de vista podemos felicitarnos. Pero,... sempre hai un pero, ningunha desas mulleres abre a boca nas institucións para realiza-la revolución profunda que desexabamos. Non é nada extraño: si eu vestira de "Armani" e ganara medio millón ó mes, diría como o Cándido de Voltaire, que vivo no mellor dos mundos posibles. Máis aínda: si algunha vez asistimos a esos foros de debate e esos congresos que se organizan sobre o tema inagotable do feminismo, escoitaremos a noble individualización de cada ponente, que na meirande parte dos casos, só falará con manifesto deleite dos seus logros profesionais e da súa persoa. Inventamos unha clase de turismo remunerado, un ir de aquí para alá, un fotografiarse e un dar rodas de prensa que non sirven de nada. Quedan moi lonxe aqueles anos do feminismo rebelde, o de casta, o de tronío. Aquel feminismo comprometido das mulleres que puxeron a súa vida e a súa intelixencia ó servizo dunha causa, estoume a referir a Clara Campoamor, a María de Maeztu, á Zambrano, a Victoria Kent, e a tantas outras que non nomeo por no extenderme. ¿Vos move a curiosidade? Preguntarlle a algunha destas feministas de novo cuño si sabe delas. ¡Improbable! ¡Moi improbable! E sin embargo, nesa renuncia deliberada ó pasado comenza a nosa traxedia. Nosoutras temos renunciado ás ideas; elas tomaron as armas por defendelas. Primeira deferencia, pero que desgraciadamente ven de lonxe. Esa é a razón pola cal a nosa causa foise descafeinando.

Agora o tema é a recuperación desa cafeína vital: a analítica ordenada dos dous mil anos de filosofía que nos marxinou das decisións do mundo. Todo ese sentido de culpabilidade (a culpa é un mecanismo de propósitos infinitos) que arrancando dende a traxedia de Eva, patrocinou a nosa dominación. A nosa e maila súa, non nos trabuquemos. Porque, por cada nai desinformada haberá un numero de fillos de pensamento fráxil que só lerán o Marca. Por cada nai que se sentiu culpable, houbo mil fillos que non se puideron redimir. O cal significa... bo, algo moi premeditado no cal non quero entrar. De modo que ás trincheiras (do pensamento). É o noso grande reto do século que temos por diante. Elaboremos unha filosofía nova; da obxetividade e non da retórica; da humanidade e non das exclusións; da intelixencia e non da mediocridade. Por cada minuto no cal nosoutras mesmas sintamonos defraudadas, a humanidade se resinte.

Sempre no compromiso.

Pepa Beltrán.



A BANDOUGA

Por Marcelino Sisto Deibe

Textos orixinais do Autor do libro "Deixade pois que voe o paparroibo, e que nos conte contos" . Editorial O Paparroibo. Ortigueira. 1999) de Marcelino Sisto Deibe

¡Bazuncha! ¡Mexona!

Efectivamente era bazuncha e efectivamente os nenos, que teñen a franqueza repentenexuda, tiñan razón no dos ouriños.

De nova arrecendía sempre a morcela; era ese o seu cheiro natural, de seu. Hai quen ole a suor, quen a albafor; hainos que olen con ese cheiro turbador e misteriosos que esperta fondas paixóns; hai que fede.

Pois ben, ela cheiraba sempre a morcela e era este un cheiro que resultaba imposible disimular con colonias xa que o amecido dos dous cheiros resultaba catastrófico. E se lavaba, ben lavada, o cheiro a morcela era máis intenso e penetrante. Deste xeito os únicos apetitos que podía espertar eran, pura e simplemente, gastronómicos.

Era entón moi sensible, xirifeira e sentimental e soñaba a cotío con románticos amores. Por iso doianlle amarguramente as moitas bromas xurafaces dos mozos nas festas. E cando o grupo de rapaces non se gardaba de esconde-la súa lacridade, cando bailaba cun deles, ela imaxinaba á súa parella facendo o larpeiro aceno de quen, famento, gulusmea un pereteiro manxar. Deixaba chantado ó bailarín no turreiro e tornaba ó grupo das amigas cunha gramura forzadamente serena pero amarga e dolorosamente magoada. Alá, no fondo, a grea de mozos gargallaba.

Nunha longa tempada non pisou bailes nin festas. Apupada polas amigas accedeu a volver de novo nunha fermosa e sorrinte tarde de principoios de verán, cando o esprito está de sor, tense xa desengoumado e a necesidade de comunicación é máis forte que o efecto entalador das súas frustacións.

Na festa comezou por negarlle o baile ós rapaces unha e outra vez, nunha especie de inxel vinganza, ata que se encontrou fronte a un mozo esguio, de ollada profunda e a ela deulle un volquillón o corazón. Aínda tivo un arnaxe de rebeldía, de témera prevención doutro derramo férrido; porén, era tan imperativo o aceno, paradoxicamente suplicante, do mozo, que non soubo negarlle a peza do baile. ¡Que cálida e agarimosa mirada!. ¡Que sosego o seu borbiñar!. ¡Que aceno tan protector cando a empurraba engordiño, cabe da beira, lenemente collida do brazo!. Ninguén tivera con ela tantas consideracións. A Emerenciana esleíaselle algo no peito como unha pedriña de zucre.

Á hora da volta a Emerenciana non estaba por onde queira que a buscaron as amigas.

Ó día seguinte, Maruxa, a ´sua mellor amiga, foi atragoadamente a enteirarse de que tiña pasado. Atoupouna ollerosa e tristeira. Ó ver á súa amiga, Emerenciana deulle unha aperta e saloucou. A amiga creu comprender: algunha desquecida irremediable.

- ¡Conta!. Onte ¿que pasou? dixo espectante-.

- ¿Víches ó rapaz?

- Vin. Parecía educadiño e ti moi leda. ¿Qué pasou?

-Pois... Despois de bailarmos un cacho sen enteirarme, entre nubes, encontreime con que aqueles ollos, aquela mirada que me dominaba, metíase dentro dos meus e dicía: "-¿Deixamos esta barafunda?". Eu sorprendinme dicindo: -Si-. Abandonamo-la festa. Saímos á carreteira e alí colleume a man nun arrauto tan natural que non tiven que zafrañar. É máis: o que me tería sorprendido sería que non o fixera. Un pouco máis abaixo nos desviamos polo carreiriño que leva ata a ribeira, pouco anrtes de chegar ó embarcadoiro.

-Hai por alí un piñeiral, cabe do mar.

-Si, alí. Non había ninguén. Ata entón eu non atinaba a pensar ren. Sorprendíame fitando de cando en vez aquela faciana harmoniosa, os seus acenos, os seus rebiques, que me parecían perfectos e familiares, coma se fosen algo meu; aquela mirada súa tan limpa que pensei que poderíame espir del sen me avergoñar. Houbo un intre no que, pousando o seu brazo nos meus ombros, apertoume contra o seu corpo parándose. "Agora vaime bicar, -pensei". Pero non: volvinme ver debrocada a aquel abisio que eran os seus ollos e o seu sorriso, tan próximos, tan esvaíntes, tan ¿cómo che diría eu...?

- Que xa che dera o setazo, vaia, -cortou a amiga bremante-.

-Non é iso. É que eu encetara a vida vida xusto naquel momento; o tempo parárase e aquela persoa e aquel intre estaban agradándome desde a eternidade e agora estaba alí, para min, para nós. Ó lonxe, como pertecendo a un mundo irreal e falso, soaba a charanga da festa.

- ¿Non tiñas medo?

- Non. Unha extrña paz; un grande sosego. Nun instante entendín o mundo e as cousas e a xente. E a vida era boa e tiña sentido.

- ¿Qué máis?

- Non sei... Sentámonos encol da frouma, xuntos, próximos, fronte ó mar. E o mar era azul e sorrinte; os botes sourís; o peñeiral, amigo o día fermoso e vivir era unha festa. Mireino. Fitoume. E notei na súa ollada ese quebro arxuto do que se rende e na miña vontade sincronizouse ese mesmo quebro sometedor. Pechei os ollos abandonánme ó destino...

-¿E logo?

A BANDOUGA

A BANDOUGA

Por Marcelino Sisto Deibe

-- ... sentinme empuxada lenemente cara atrás. O meu alentar fixose un fio. Toda a miña sensibilidade estaba a flor de pel.

- ¡Sigue!

- A súa man remexeu tremente no meu escote...

Os saloucos despresos interrompiron o relato.

Maruxa arrechegouna a si cun sorriso comprensivo, nunha aperta protectora.

- ¡Son todos igualiños!. Sosega. Sosega. Dime ¿qué che fixo?

- Emerenciana afastouse bruscamente e respostou con fereza:
¡Fame!. ¡Iso é o que tiña, fame!. E traboume nunha teta. ¡Mira!

Desabotoou o cós e, naquela especie de balón de rugby, aparecía un pequeño e rubio circo, a pegada duns dentes: os do esfameado segundo ela- e falso amador antopófago.

- ¡Que vergoña!. ¿E ti?...

- Dinlle unha lufada que pagou por tódalas apupadas de tódolos galloufeiros do mundo. Non sei se non lle escordar´çia o queixo. No lle quedarán ganas ganas, non...

¡Mágoa fora!

Emerenciana non tivo moita sorte nunca e consolouse das súas penas e abrollos cunha golechadura desmedida. Agora, bandouga de sobexo e xa vedreira, non pode nin lavarse ben e o cheiro a morcela foi substituido polo de humanidade catinga: un agrio recendo a amoníaco.

Era mesqueteira. Tiña un chamvbo de roupa e dos obxectos máis heteroxéneos. Todo canto sobrab a polo barrio, todo canto era dado de baixa naqueles fogares do seu arrabaldo, mercábao, amañábao un pouco e o revendía nas feiras, logrando un pequeño gaño e diso malvivia.

Era unha vella bandouga, triste, cansa e dun bafexar como de samaqueira.

Porén non sempre fora así: nunha emposta, hai moito tempo, estivo a piques de ser amada.

Ese pensamento, magnificado, abochado, requintado, serviulle de amavía contra a velenosa frase dalgúns nenos:

¡Bazuncha!. ¡Vella mexona!





O PARNASO

CUPLÉ PARA MIGUEL MOLINA

Llorando siempre llorando
M. de Molina

El viento caracolea
entre los prismas metálicos
Es el mismo que aropegiaba

en las ramas de los álamos
(¡aquellos!). Y yo lo escucho
(nunca dejé de escucharlo),
llorando siempre llorando.

Se funden las aguas atlánticas
con las del Medoterráneo.
La corriente del East River
se ha guadalquivirizado.
Aromas de las biznagas,
pirotecnia de naranjos,
gumías del eucalipto
y parpadeos del álamo
rasgan este cielo que
posa garzas en mi mano:
luego emigran río arriba,
me dejan desamparado,
llorando siempre llorando.

Estoy viviendo, o muriendo,
sueños mil veces soñados.
Llueve polen de ceniza
sobre mis hombros ancianos.
¿Qué fue de tanto galán?
¿De qué modo liberarlos
del laberinto de sombras,
de los fúnebres espacios?
Su paso ha dejado surcos
en la arena de mis párpados;
pero ya no puedo verlos:
yerran por dorados ámbitos,
y aquí me dejan, sin alma,
llorando
a la orilla del East River,
llorando siempre llorando,
siempre llorando

José Hierro



VIDA

Después de todo, todo ha sido nada,
a pesar de que un día lo fue todo.
Después de nada, o después de todo
supe que todo no era más que nada

Grito "¡Todo!", y el eco dice "¡Nada!".
Grito "¡Nada!", y el eco dice "¡Todo!".
Ahora sé que lo nada era todo,
y todo era ceniza de la nada.

No queda nada de lo que fue nada
(Era ilusión lo que creía todo
y que, en definitiva, era la nada).

Que más da que la nada fuera nada
si más nada será, después de todo,
después de tanto todo para nada.


José Hierro

Instante
que sae da súa negritude
como sa da súa orixe escura
nace a luz.
E abrota mapoula
que bebe o vento
mentres queda testemuña queda
o seu pechado estame,
o seu principio.

Eva Veiga

Cae a tristeza coa choiva
e irmán desa choiva
a tristeza miña
apégase ós cristais.
Mais, fóra chove e enche
mares de azul fondura
e aquí dentro fico eu vestida e núa
de húmidos colares.

Eva Veiga



O PARNASO

PANTASÍA

"nos que contemplan o devalar das augas sen fin..."

De "Reclamo a liberdade para o meu pobo"
X.L. Méndez Ferrín

Non tiñamos pan nin liberdade.
Só a fantasía pendurada das lareiras
e dos lobos
Fumos o pobo da fame
e o pobo da aldraxe
e teño a bem reclamar agora o que sempre
foi noso
a fantasía que tanto nos incendiaba
esa corriente submariña de buques mergullados
a luminosa mourindade a traba de diamante
i ese bosque en permanente noite
no que, perdidos cando nenos,
fomos medrando

Reclamo a fantasía pró meu pobo.
Ese beizo descomunal a parir imaxinaturas
un reino onde adoita a dar luz
o azar
preñado de soños
o azar

Poderán vir os grandes incendios o que nada perdura
poderán rebater definitivamente que eu porte no ADN
o inaudito xen do alicorno
negar as mandarinas que prometes
que vivamos a lombos
dunha esfera ilimitada.
Dicir que non existe.
É fácil.
Pois non se ve.

Seica eu reclame a fantasía pró meu pobo
e que habitemos o incendio
reclame
todo o visible e o invisible
o que trenza cordais
a pendurar os altos paradisos
a fantasía pró meu pobo.

Entre as patacas e a seitura.
No país do vento
Vivir cos ollos da vaca sacrificada
metidos na inocencia.
Sen cotas para as nosas lácteas imaxinacións.

Reclamo a fantasía pró meu pobo.

Enrugada por dentro coma unha alfombra
que quixer voar.

Reclamo a fantasía pró meu pobo.

Afeitos en todo a ser
como animais de costumes submariños
fosforescentes
por non ter máis remedio
pobo salgado e recaido unha e mil veces no mar

¿cómo non callado
en fantasías verdes
en argazos fantásticos
en osamentas de besta
transoceánica,

como non inchado en beizos
reclamando a fantasía coma unha turba
que pede pan?

Estíbaliz Espinosa Río

Un non pode atemperar
cunha manchea febril de versos.

Sequera a memoria palustre que inza o abandono.
Sequera un pai inexistente.

Non é solución.
Non desamalloa. Limítase
a ser.

De nada serve como estrataxema
pero se está é preciosa
abre de pronto caudais
e por un intre dános cor nas meixelas
e coma mercar un billete
de acceso á cámara negra do tesouro
por unha presada de verbas libres.


É coma o cemiterio de marfil trálas cascadas
Por unha miserable presada de verbas nativas.
Un raio cruel.
Un alampo nas vértebras maiores.
Non se pode esperar diso
Burda psicoloxía.

Escreber versos
non para ver as fendas que a vida traballounos

Senón porque temos fendas
a traveso delas
albiscar a marabilla
e o abismo

cunha manchea de verbas libres
migratorias
polo ceo

Estíbaliz Espinosa Río



ARTIGO

Por Xosé Anxo García López

NOTICIA SOBRE A XÉNESE DO POEMA "BENDICIÓN EPISCOPAL" de Rafael Dieste[1]

Desde o noso punto de vista, o calificativo de comprometida sería o máis axeitado para defini-lo tipo de poesía realizada por Rafael Dieste durante a guerra civil española. A súa producción poética neste período é moi breve: só consta de dous poemas publicados a finais de 1936. Serían varias as razóns que poderíamos aducir para explica-la escaseza de testemuños poéticos do rianxeiro durante o conflicto. Os derradeiros meses de 1936 vencéllanse a un momento clave na elaboración e publicación de poemas, feito que obedece á necesidade de alimenta-la espernza nunha rápida victoria dos defensores da legalidade republicana sobre os sublevados. A poesía é, pois, en moitos casos, un mero instrumento de canalización de arengas e consignas, e non só na zona republicana. Tras esta etapa, podemos dicir con Serge Salaün que se produce un marcado silencio, unha renuencia cara ó xénero lírico logo dun momento tan prolífico en manifestacións poéticas, se ben caracterizadas por un encorsetamento formal que empecía a libertade estilística.

De certo, non podemos negar que tal extremo non afectara ó labor literario de Dieste, mais tampouco debemos esquecer que, por outra banda, nesta época de refluxo Dieste dedica o seu esforzo creador ó denominado teatro de urxencia, sendo nomeado naquela altura director do Teatro Español de Madrid e do grupo dramático Nueva Escena, para o que escribe a obra Al amanecer, publicada en 1938 e representada con grande éxito de público . Á parte da laboura teatral, Dieste encargaríase da dirección da revista Nova Galiza e participa tamén na fundación da efémera publicación El Buque Rojo . Durante os anos que median entre o inicio e o fin das hostilidades, o traballo de Dieste canalízase entre os tres xéneros literarios, aínda que o lírico será o menos empregado polo autor nesas datas. Sobre este particular, estamos en condicións de ofrecer algúns datos novidosos polo que fai ó poema "Bendición episcopal", o cal viu a luz o tres de setembro de 1936 no segundo número da revista El mono Azul. A diferencia doutros poemas do noso autor, a presencia de tropos e figuras é notablemente reducida; algo doadamente explicable, tendo en conta que o texto se orienta cara a un público que, na súa meirande parte, carecía de foramción literaria. Trátase dunha composición de temática satírica, na que Dieste ridiculiza a hipocresía da xerarquía eclesiástica, a cal ofrecía apoio á mal chamada "cruzada" emprendida polas tropas franquistas. O acto simbólico da bendición levado a cabo polo arcebispo de Burgos no aeródromo de Gamonal vese interrompido pola chegada de dous sacerdotes, en realidade dous obreiros disfrazados que impiden a consumación da cerimonia:

Aeródromo de Burgos
Tablado presidencial.
Mucho empaque en las miradas
En los pechos vanidad.
El arzobispo en el medio,
A su diestra el general
A la siniestra el alcalde,
Y otros magnates detrás.

(...)

Din don, din don, las campanas
Altas de la catedral,
Gori, gori, los latines
Que silabea el deán.
Ya se apagan los murmullos,
Ya se adereza el mirar
De todos a dos aviones,
Que presto bendecirán.
En esto dos curas llegan
Que nadie llamado ha.
En auto, muy serios, vienen,
No cesan de saludar.

[1] *O presente traballo é a penas un resumo con algunhas variacións respecto dun dos capítulos do orixinal que resultou gañador co segundo premio na quinta edición do Premio de Investigación Lingüística e Lietraria* 17 de Maio *(1995), instituido polo Departamento de Filoloxía Galego-Portuguesa da Univesidade de Santiago de Compostela en colaboración co Vicerrectorado de Investigación do Terceiro Ciclo.*

[2] *Salaün, Serge,* La poesía de la guerra de España, *Madrid, Cástalia, 1985, pax. 34.*

[3] *A peza foi publicada por primeira vez na revista* Hora de España, *15 de marzo de 1938, pp 99-119. Hai edición facsimilar desta publicación: Liechtenstein, Topos Verlag AG / Barcelona, Laia, 1977.*

[4] *Esta obra foi levada ás táboas do Teatro Español o vinte de outubro de 1936. Unha reseña da estrea pódese consultar na revista* El mono Azul: *Antonio Sánchez Barbudo, "Nueva Escena en el Teatro Español", 9, 22-X-1936, p. 8. Pódese consulta-la edición facsimilar publicada en Nendeln, Liechtenstein: Verlag Detlev Auvermann KG, 1975. Tamén se encontra unha referencia á representación na publicación* Milicia Popular. Diario del Quinto Regimiento de Milicias Populares, *88, 3-XI-1936, p. 5, da cal contamos cun facsimile: Barcelona, Ediciones Hacer, 1977.*

[5] *Existe unha edición facsimilar: Sada_A Coruña, Edicións do Castro, 1990.*

[6] *Para o único número desta revista que chegou a publicarse escribiu Dieste o raomance "Barco Amigo", que, ó igual que a maior parte dos textos diesteanos escritos durante a Guerra Civil foi incluido na colectánea* Guerra literaria, *edición de Claudio Rodriguez Fer, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1991. Unha reproducción facsimilar de* El Buque Rojo *pódese consultar no volume colectivo* Valencia, capital de la República (1936-1937). Antología de textos i documents, *Valencia, Consellería de Cultura, Educació i Ciéncia de la Generalitat Valenciana, 1986, pp. 173-178.*



CONTOS E OUTRAS HISTORIAS...

Diálogo sen cór


Por Marta Rivera Ferner

- ¡Hola Edu!
- ¡Qué hai Mila!
- Edu, estás moi pálido... ¿Ocorreche algo?
- Vaia.. eu pensaba o mesmo que tí. Semellas un papel...
- Agora que o dis, véxome as mans moi blancas, ie a túa roupa non ten cor!
- ¡É certo!. ¡Nin a túa!
- Mira Edu... ¡Meus zapatos azuis!
- Eu véxoos negros...
- Pero dentro da miña casa eran azuis...
- ¡Miña cazadora, Mila!. ¡Era verde, xúrocho!
- ¡Miña nai!. ¿Estaremos a soñar?
- ¿Ou mortos?
- ¿Non será a nova moda do Corte Inglés?. Blancos, grises, negros...
- Non muller, mira as casas e mailo céspede...
- Blancos, negros, grises...
- Estoume a preocupar...
- Pois eu abúrrome con tanto blanco, gris e negro... ¡Quero os meus zapatos azuis!
- ¡Quero a miña cazadora verde!
- ¡Quero a miña falda roxa!
- Berremos xuntos...
i- ¡¡QUEREMOS AS NOSAS CÓRES!!!
- Shhh
- ¿Quen dixo "Shhh...?
- Eu non fun...
- Shhh...
- Fun eu... a debuxante. Non berredes tanto, por favor...
- ¡¡¡Queremos as nosas córes!!!
- E que... non atopo as miñas pinturas, por favor, non vos chivedes, senón o director botaráme a bronca. Disimulade... Disimulade...
- Este... ¡Mila, é moi bonita a túa falda roxa!
- E a túa cazadora verde vai a tono coa túa camisa, Edu...
- ¡Oh que pena, Mila!.¡Ensuciáches os teus zapatos azuis!
- Si, é certo... ¿ves conmigo ata a miña casa amarilla e roxa para cambia-los por outros marróns?
- Si, ímos camiñando sobre o céspede verde...

(Chao, debuxante, a ver se para a próxima atopas as túas pinturas...)

- Shhh...






MATA - RATOS

Por Sabela Arias




CREBACABEZAS

Son un animal moi dificil de ver.



¿Cal é o camiño que tes que seguir para chegar o ATENEO ?








ENCRUCILLADO

ENCRUCILLADO
flor
mar
arbol
sol
sonrisa
Crebacabezas: Cama-leon
O camiño:C



Abecedario Infantil *por Sabela Arias*





Representación Teatral "Changó y la jicotea" por Esmérita Ramírez No Teatro Jofre. ¿ Cando os ferroláns voltaremos a disfrutar do noso Teatro ?



CARLOS CARBALLEIRA

